

Edición xestionada por [Martina F. Bañobre](#)

FORO

A sección onde deixares [as túas opinións](#), comentarios ou suxestións e debater con outros internautas.

A MAN

A [información precisa](#) para ter á vista: farmacias de garda, teléfonos e enderezos de interese, etc

AS WEBS DE AQUÍ

Consulta no [directorio de Vieiros](#) as páxinas ferrolás ou que falan sobre Ferrol.

CONFERENCIAS, TÁBOAS REDONDAS E CINE DESDE O 2 DE MARZO ATÉ O 20 DE ABRIL

A memoria do franquismo, en Fene

[27/02/2006 12:07] "Queremos, nunha visión galega, reconstruír a memoria das catro décadas nas que gobernou Franco, analizándoas nas súas diferentes etapas e nos seus diferentes aspectos". O ciclo *Non deas ao esquecemento. A nosa memoria (1936-1978)*, dirixido por Bernardo Máiz, inclúe conferencias, táboas redondas e proxeccións cinematográficas, con abundancia de documentais historiográficos. Do 2 de marzo ao 20 de abril, martes e xoves ás 19.30, na Casa da Cultura de Fene.

O ciclo inaugúrase este **xoves 2 de marzo**, coa proxección de *A cidade da selva* (Nemedón Producións' 2006), de Helena Villares. O director do ciclo, Bernardo Máiz, doutor en Historia e ensaísta, presentará despois o coloquio con Villares e Pilar Faxil, coautora do guión.

Martes 7: proxectarase o documental *A vella memoria* (1978), de Jaime Camino, unha retrospectiva de 165' coas opinións de Ibárruri, Tarradellas, Líster, Gil-Robles, Serrano Suñer...

Xoves 9: a directora xeral de fomento e calidade da Consellaría de Vivenda, Encarna Otero, encargárase da conferencia A muller baixo o franquismo.

Martes 14: Eduardo Fra Molinero -historiador, dramaturgo, ex concelleiro de Cultura en Ferrol, falará da vida cotiá no franquismo.

Xoves 16: *Os nenos perdidos do franquismo* (Montse Armengou/Ricard Belis. TV3, 2004). O documental, de 60', recolle a historia dos fillos de republicanos que foron entregados ao Auxilio Social de Falange e a colexios relixiosos para seren reeducados.

Martes 21: conferencia *O ensino franquista*, a cargo de Antón Costa Rico, doutor en pedagogía e especialista en historia da educación.

Xoves 23: proxección de *Cancións para despois dunha guerra*, de Basilio Martín Patino (1971, 102'), unha memoria persoal do franquismo.

Martes 28: conferencia *O renacer da música galega*, a cargo do escritor Xavier Alcalá.

Xoves 30: proxección de *Nove cartas a Berta* (Martín Patino, 1966, 92').

Martes 4 de abril: táboa redonda sobre o sindicalismo na clandestinidade. Modera o historiador Eliseo Fernández. Participarán Xosé Manuel Iglesias, cofundador e secretario xeral de CCOO de Galicia e do PCG, e Xosé Fernández Barcia, alcalde de Mugardos.

Xoves 6: proxección de [Queridísimos verdugos](#) (1977, 100', Martín Patino).

Martes 18: táboa redonda sobre a política de oposición no franquismo, cao participación de Bernardo Máiz, Víctor Santidrián -especialista na historia do PC- e Bieito Alonso, especialista na historia do nacionalismo galego.

Xoves 20: proxección d' *A noite máis longa* (José Luis García Sánchez, 1975, 92'). Anos despois do xuízo e condea dos últimos executados polo franquismo, avogado defensor e fiscal militar coinciden nunha viaxe e analizan o pasado e o presente.

Documentos anexos:

■ [programa \(.pdf\)](#)

OUTRAS NOTICIAS

- [Todo preparado para a homenaxe a Isaac Díaz Pardo](#)
- [A SEPI considera "irrealizábel" o proxecto do novo estaleiro](#)
- [Industria anuncia a creación dun novo estaleiro en Fene](#)
- [O cambio climático, a debate na Galería Sargadelos](#)
- [A oposición ao gasoduto da ría de Ferrol, nunha reportaxe de Televisión Española](#)
- [Jane Danko publica unha obra en inglés e galego](#)
- [Preséntase un novo libro sobre a Guerra Civil](#)
- [Asociacións ferrolás sequeiranse manifestando a prol dos espazos públicos](#)
- [Presentan en Ferrol os últimos achados arqueolóxicos arredor da Biblia](#)
- [A Fundação Artábria prepara un nadal cheo de actividades](#)